



COMISIÓN POLA RECUPERACIÓN DA MEMORIA HISTÓRICA DA CORUÑA

Homenaxe ás vítimas do intento de fuga de O´Portiño Monumento en O´Portiño *Concurso de ideas*

Un dos episodios máis dramáticos da historia da cidade da Coruña tivo lugar nas cercanías d'o Portiño na noite do 3 de marzo de 1937, cando un grupo de casi un cento de persoas de diversa ideoloxía e pensamento político, reuníronse para tentar a fuxida por vía marítima do sanguento réxime militar instaurado polo golpe militar de xullo de 1936.

Descubertos na súa tentativa, os fuxidos foron cercados pola garda civil e forzas militares, resultando afogados varios deles que tentaron fuxir a nado. Outros 28 foron detidos polas forzas da orde e 19 deles foron executados en Punta Herminia o 9 de outubro de 1937, polo "grave delicto" de fuxir da represión fascista e querer chegar a zona republicana.

A Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña, convoca un concurso de ideas para a realización dunha obra conmemorativa destes tráxicos feitos en O´Portiño.

Valorarásese de xeito positivo a implicación social da proposta, ademais do poder de comunicación e a sinxela comprensión do proxecto.

Habilitase unha dotación máxima de 30.000 euros para execución da obra.

1.- Participantes

Poderán presentar proxectos de xeito individual, ou colectiva (en cuxo caso deberán nomear un representante) artistas de calquera idade e nacionalidade.

O/A autor/a deberá presentar xunto coa obra, que virá asinada cun lema, a seguinte documentación:

Memoria valorada con suficiente detalle para permitir a execución da obra.

Maquetas, debuxos, esquemas, características dos materiais e planos acotados. Nun dos planos determinarase a ubicación exacta.

Nun sobre pechado, no exterior virá escrito o lema co que se identifica a obra, que conteña:

- A) Datos persoais, fotocopia do D.I.
- B) Curriculum Vitae adaptado aos seguintes epígrafes: Formación, Bolsas, Premios, Exposicións, Obras.
- C) Toda a documentación adicional que o/a artista ou artistas consideren.

2.- Características das Obras.

O tema, cuxa técnica será libre, gardará relación co obxecto da convocatoria.

A técnica será libre.

O formato para a presentación do proxecto non deberá exceder os 100 cm

O orzamento de execución non deberá superar a cantidade de 30.000 euros.

As obras terán en conta a especial ubicación do monumento no lugar de O´Portiño e as características do entorno, en especial a resistencia do mesmo fronte as inclemencias propias da zona.

3.- Recepción das obras

Os/As concursantes presentarán, xunto coa obra un exemplar da documentación e unha copia no local da Comisión, Rúa Os Olmos nº 16-18 1º 15003 A Coruña a partir do día 30 de Outubro ata o día 14 de Decembro en horario de 16:30 h a 19:30 h de luns a venres.

4.- Resolución

O xurado, elixido pola Comisión seleccionará os proxectos, ideas ou maquetas e elixirá a proposta que considere máis axeitada, promovendo e velando pola correcta execución. Dada a natureza altruista deste concurso nin o proxecto premiado nin os traballos seleccionados recibirán compensación económica algunha.

Se na deliberación previa á votación se considera que ningunha da obras presentadas ten a calidade suficiente, o premio será declarado deserto.

Os/As autores/as seleccionados serán informados/as e a resolución será feita pública.

5.- Retirada das Obras

As obras non seleccionadas poderán ser retiradas a petición dos/as autores/as, a partires do día seguinte do fallo, no prazo de 15 días.

Vencidos os prazos de devolución, entenderase que as obras foron abandonadas polo/a autor/a e pasarán automaticamente á propiedade e libre disposición da Comisión.

6.- Responsabilidade.

Os/As organizadores/as resérvanse o dereito a modificar ou tomar iniciativas non reguladas por estas bases sempre que sexa para mellorar a organización da Convocatoria.

A participación nesta convocatoria supón a aceptación destas bases, así como as decisións do xurado.

A Coruña a 15 de Outubro do 2007